

## Directorio de organismos públicos

### METODOLOXÍA

---

#### 1. Obxectivos

O directorio de organismos públicos recolle os entes, empresas mercantís, organismos autónomos e outras institucións dependentes ou participados polas administracións local, autonómica e universitaria de Galicia.

O obxectivo é recoller e sistematizar a información básica dos organismos que integran as administracións xeral e institucional e, en particular, dos que con distintas formas xurídicas constitúen o sector empresarial público da comunidade autónoma.

#### 2. Ámbitos de investigación

O directorio inclúe os organismos e as empresas dependentes dalgunha administración galega. Non se consideran por tanto os activos en Galicia pero dependentes da administración estatal.

As variables que se inclúen no directorio son:

- **Ano:** a data de referencia do directorio é o 31 de decembro.
- **Demografía:** Os organismos que non figuraban no directorio do ano anterior clasifícanse como altas e o resto como permanencias.
- **Domicilio:** o concello correspondente ao seu domicilio tributario. Nos organismos emprazados fora de Galicia figuran a denominación e o código de país/provincia.
- **Ano de creación:** Nos concellos aparece con carácter xeral o ano 1840 como data de creación, agás nos recentemente segregados doutros concellos.
- **Tipo de organismo:** establécense dez categorías en función da natureza legal de cada ente.

0. Administración xeral

1. Organismo autónomo administrativo

2. Organismo autónomo comercial, industrial, financeiro ou análogo

3. Ente público

4. Fundación

5. Sociedade mercantil pública
6. Consorcio
7. Mancomunidade
8. Entidade local menor
  
10. Outro.

En Administración xeral inclúense os órganos centrais de cada administración (a Xunta de Galicia, os 315 concellos e as catro deputacións).

En Outro inclúense o Parlamento de Galicia, o Valedor do Pobo, o Consello de Contas, o Consello da Xuventude de Galicia e o Consello da Cultura Galega.

- **Administración de orixe:** indica a administración da que depende cada organismo.

1. Comunidade Autónoma
2. Universitaria
3. Local
  
5. Mixta

Considérase que unha entidade depende dunha administración cando esta a crea directamente ou os seus ingresos proceden maioritariamente dela. Se unha entidade non depende de ningunha administración pero a participación das administracións públicas galegas supera o 50%, este entidade clasifícase como mixta.

- **Tamaño:** determínase segundo o número de asalariados. A información procede basicamente dos rexistros de contas de cotización da seguridade social. Para a presentación de resultados utilízanse as seguintes agrupacións:

1. Menos de 10 asalariados
2. Entre 10 e 49 asalariados
3. Entre 50 e 249 asalariados
4. 250 ou máis asalariados

- **Actividade económica.** A información por actividade económica segue a CNAE-93(Rev.1). Cada organismo clasifícase no grupo da CNAE en función da súa actividade principal, entendendo esta como a que se estima contribúe máis aos seus resultados económicos.

### 3. Definicións

**Organismo autónomo:** Entidade de dereito público creada por lei, con personalidade xurídica e patrimonio propios, para a realización de actividades concretas dentro das competencias adscritas á organización administrativa da que dependen. Serán “administrativos” ou “comerciais” en función das operacións a desenvolver e de que adopten ou non procedementos empresariais de xestión.

**Ente público:** Organismo creado pola administración para a realización, en réxime de descentralización administrativa, de actividades da súa competencia. Os entes públicos deben adaptar o seu funcionamento ao ordenamento xurídico privado ou a súa normativa específica.

**Fundación:** Organización sen ánimo de lucro que por vontade do seu creador ten afectado de modo duradeiro un patrimonio á consecución de fins de interese xeral.

**Sociedade mercantil pública:** Sociedade con capital participado íntegra ou maioritariamente pola administración, os seus organismos autónomos e outras entidades de dereito público. Tamén se consideran públicas as sociedades con participación directa ou indirecta inferior ao 50% pero sobre as que a administración exerce un control público.

**Consortio:** Ente creado para xestionar servizos públicos baixo o principio de colaboración e cooperación entre administracións públicas. A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia considera aos consorcios de ámbito local como entidades institucionais cando o sector público ten presenza maioritaria neles.

**Mancomunidade:** Agrupación voluntaria de concellos para a xestión en común de determinados servizos de competencia municipal. As mancomunidades teñen personalidade e capacidade xurídicas para o cumprimento dos seus obxectivos e réxense por estatutos propios.

**Entidade local menor:** Ente local de ámbito inferior ao municipal creado para a administración descentralizada de núcleos de poboación separados.

**Actividade económica:** Produción de bens e servizos a partir da utilización de capital, materias primas e traballo. En cada organismo se recolle a actividade principal, que se define coma a que contribúe máis aos resultados económicos ou a que emprega máis persoas.

**Asalariado:** Persoa que participa na actividade dunha sociedade, institución, organismo ou ente público, e recibe a cambio unha remuneración en metálico ou en especie, ou unha participación nos beneficios.

#### **4. Recollida da información**

Os datos de emprego asalariado e actividade proceden dos rexistros de contas de cotización da seguridade social e dos que se derivan da xestión municipal do imposto de actividades económicas, respectivamente. O Directorio de empresas e unidades locais do IGE tamén se utiliza para as sociedades públicas. Outras fontes de información consultadas son os censos de cobertura limitada a determinadas figuras legais (organismos autónomos, fundacións, entes públicos, sociedades mercantís), elaborados por distintos órganos das administracións local, autonómica e estatal. Tamén se utilizaron os documentos contables dos organismos e as disposicións legais de aplicación que recollen información pormenorizada das actividades desenvolvidas por eles.

O contacto directo coas entidades permite completar a información necesaria para a elaboración do directorio.